



ABRIL

17

DOMINGO
DE
RESURRECCIÓN

EcoEvanxeo

Un eco ecolóxico á Boa Noticia do Domingo

Hoxe é o Gran Domingo! Resucitou o Señor! “o primeiro día da semana”, dinos Xoán. El vive! Quen morreu entregando a vida non pode permanecer no sepulcro. Por iso, este e cada domingo do ano, para os cristiáns é o Día do Señor.

Entremos a esta experiencia, o Evanxeo levaranos da man. Xunto a María Madalena, Pedro e o outro discípulo (do que non se di o seu nome porque podemos ser cada un de nós), veremos “apenas” algúns signos do inaudito da Resurrección: pedra quitada, lenzos tendidos, sudario acomodado, o sepulcro baleiro.

El verdaderamente está vivo...unha nova Creación comezou.

Xoán 20, 1-9

Evanxeo



O primeiro día da semana, María a Madalena foi ao sepulcro ao amencer, cando aínda estaba escuro, e viu a pedra quitada do sepulcro. Botou a correr e foi onde estaban Simón Pedro e o outro discípulo, a quen Xesús amaba, e díxolles: « Levaron do sepulcro o Señor e non sabemos onde o puxeron».

Sáíron Pedro e o outro discípulo camiño do sepulcro. Os dous corrían xuntos, pero o outro discípulo corría máis que Pedro; adiantouse e chegou primeiro ao sepulcro; e, inclinándose, viu os lenzos tendidos; pero non entrou. Chegou tamén Simón Pedro detrás del e entrou no sepulcro: viu os lenzos tendidos e o sudario con que lle cubrían a cabeza, non cos lenzos, senón enrolado nun sitio aparte.

Entón entrou tamén o outro discípulo, o que chegara primeiro ao sepulcro; viu e creu. Pois ata entón non entenderan a Escritura: que el había de resucitar de entre os mortos.

Reflexión

No relato de Xoán acentúase o “correr”: María Magdalena botou a correr e foi onde estaba Simón Pedro e o outro discípulo a quen Xesús amaba. Ao escoitar a noticia os dous discípulos correron cara ao xardín, onde o Señor estivo no sepulcro e onde se inicia un feito novo e transcendental: a Resurrección. A vida, pola intervención divina, comeza e desenvólvese no xardín; a Resurrección do Señor tamén. Lembremos os relatos bíblicos da Creación neles nárrese que “Deus paseaba polo Xardín á hora da brisa” (Xén 3, 8). Este feito fainos pensar que a Creación é o lugar onde Deus se fai presente, digamos, é o seu gran templo onde El se atopar coas súas criaturas. Por tanto, o xardín é o lugar da vida e do encontro co Deus da vida. Por iso, crer na Resurrección é crer tamén no comezo dunha “nova Creación”. Toda ela está bañada, por así dicilo, da vida nova do Resucitado. E xusto por iso, a nosa fe na Resurrección non pode ser á marxe ou non incidir nunha nova relación con todo o creado.

Isto fainos pensar no compromiso de establecer relacións mucho máis harmónicas na nosa Casa Común. Así tamén, dános elementos suficientes para cultivar unha nova espiritualidade que nos leve a contemplar o Cosmos, e a deternos agradecidos ante o agasallo da Creación como o gran templo de Deus. Nos ensinios dalgúns santos, como o de santo Ignacio de Loiola, atopamos pautas para cultivar unha espiritualidade máis integrada coa Creación. Na “Contemplación para alcanzar amor”, el recomenda nun primeiro punto: “traer á memoria os beneficios recibidos de creación, redención e dons particulares”, e nun segundo punto: “mirar como Deus habita nas criaturas, nos elementos dando ser, nas plantas vexetando, nos animais sentindo, nos homes dando entender”.

O anterior lévanos a pensar que a espiritualidade cristiá non se confunde con algunha forma de panteísmo, que considera que todo é Deus. Os cristiáns distinguimos o Creador da criatura. Deus é o Creador cuxo amor é o móbil fundamental de todo o que creou (LS 77), e tamén por amor se manifesta e nos fala na súa Creación. “Todo o universo material é unha linguaxe do amor de Deus, do seu desmesurado agarimo cara a nós. O chan, a auga, as montañas, todo é aloumiño de Deus” (LS 84).

Nesta Casa Común podemos experimentar a súa tenrura e misericordia. Nela só cabe admirar agradecidos e encomialo polo desborde de vida co que se nos manifesta resucitado. E desde logo, sen esquecer a realidade do sufrimento, da explotación sen límites que infrinxe o mesmo ser humano e que debemos superalo. Como imaxe de Deus que somos estamos chamados a actuar o amor no coidado da nosa Casa Común, « todos podemos colaborar como instrumentos de Deus para o coidado da Creación» (LS 14). Xunto co anuncio da boa nova da Resurrección de Cristo, a categoría de “coidado” convértese tamén en un novo anuncio novidoso se a resurrección é o triunfo da vida, a vida continuará se coa seu espírito coidamos este mundo que se nos confiou. Este compromiso será un sinal concreto de que a vida do resucitado nos alcanzou e transformou.

¡FELICES PASCUAS DE RESURRECCIÓN!

Canto:

¡Él vive!

Autor: Javier Bru



Oración

Cristo glorioso, ... Ti que es o primeiro e o último, o vivente, o morto e o resucitado; Ti que reúnes na túa unidade exuberante todos os atractivos, todos os gustos, todas as forzas, todos os estados; é a ti ao que chama o meu ser cun desexo tan grande como o Universo. Ti es verdadeiramente o meu Señor e o meu Deus! Encérrame en Ti, Señor... Toda a miña alegría e o meu éxito, toda a miña razón de ser e o meu gusto de vivir, meu Deus, dependen desta visión fundamental da túa conxunción co Universo...(Pierre Teilhard de Chardin).



Hna. Lic. Gladys De la Cruz HCJC. - P. Dr. Saju George SVD

¿Quieres recibir el EcoEvangelió por WhatsApp? **Escríbenos:** cuidadocasacomun@gmail.com